



Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B.2 Distinguir e memorizar os distintos tipos de libros do A.T e N.T	REL5/2.3.1 Nombra e clasifica os grupos de libros do A.T E N.T
B.3 Conocer e interpretar o significado dos miragres de Xesús como acción de Deus.	REL5/3.1.1 Interpreta e aprecia o cambio que orixina o encontro con Xesús en algúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.
B.4 Coñecer e respetar a composición da Igrexa.	REL5/3.2.1 Selecciona.xustifica a elección e explica o significado dalgúns miragres
	REL5/4.1.1 Identifica e describe os rasgos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial.

--	--

Tendo en conta que este 3ª trimestre seguiremos repasando os estándares de aprendizaxe da 1ª e 2ª avaliación, os estándares serán os mesmos, xa que non considero que haxa estándares imprescindibles para esta 3ª avaliación, e polo tanto serán dados no curso seguinte.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Os procedementos de avaliación nas dúas primeiras avaliacións figuran na programación didáctica do curso e inclúen: análise das producións do alumnado, observación sistemática, intercambios orais co alumnado, cuestionarios e probas específicas.</p> <p>Para o terceiro trimestre utilizaremos a análise das producións do alumnado e o intercambio oral ou escrito con eles, tendo especialmente en conta as dificultades que entraña esta formación a distancia para o alumnado e para as súas familias, e a vulnerabilidade emocional que provoca o confinamento.</p>
	<p>Instrumentos: Os instrumentos empregados nos dous primeiros trimestres foron:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Análise das producións do alumnado: textos escritos, textos orais, resolución de problemas, cadernos de clase, producións plásticas, producións musicais, producións motrices..</li> <li>- Observación sistemática: diarios de clase, escalas de observación, rexistros, rúbricas...</li> <li>-Intercambios orais co alumnado: asembleas, debates, postas en común...</li> <li>-Cuestionarios: probas orais, probas escritas.</li> <li>-Probas específicas</li> </ul> <p>Para o terceiro trimestre, de acordo co explicado no apartado anterior, empregaremos a análise das producións do alumnado, a súa participación nas propostas programadas e o intercambio oral ou escrito con eles.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para obter a cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o presente curso, valoraremos especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles definidas neste documento que foron traballadas durante os dous primeiros trimestres, e serán o contido das propostas de repaso, recuperación e reforzo programadas para o terceiro trimestre.</p> <p>A cualificación final será a nota media entre as cualificacións do primeiro e do segundo trimestre do curso, engadindo a valoración das actividades desenvolvidas no terceiro trimestre unicamente se beneficia ao alumno ou alumna. No caso contrario, non se terá en conta na cualificación final.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>

	Procedementos e instrumentos de avaliación:

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Actividades para reforzar os contidos fundamentais da 1ª e 2ª avaliación e de cursos anteriores. Actividades interactivas sacadas de distintos blogs de relixión, videos, fichas e cancións.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	Apostarase por unha metodoloxía flexible, aberta e participativa tendo en conta as circunstancias excepcionais que estamos a vivir. Tentarase apostar por tarefas integradas e competenciais (globalizadas e interdisciplinares)
<b>Materiais e recursos</b>	Os traballos e tarefas de relixión católica súbense ao blog de cada curso.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Para trasladar a información ao alumnado e ás familias das propostas e actividades que se programarán no terceiro trimestre, utilizaremos, en función dos distintos cursos, dos recursos das familias e do tipo de contido, os seguintes medios: Abalar, correo electrónico, teléfono, E-dixgal, blogs do centro e videoconferencias. Para informar da propia adaptación da Programación do curso, remitiremos unha mensaxe Abalar a todas as familias, comunicando a súa publicación.
<b>Publicidade</b>	Esta adaptación da Programación do curso 2019-2020 será publicada na web do centro.